

INSTANCIA: proceso selectivo

(Cubrir en maiúsculas todos os campos)

Datos do/a aspirante

D/D. ^a		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono

EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo de:	<input checked="" type="checkbox"/> INFORMADOR/A TURÍSTICO/A <input type="checkbox"/> EDUCADOR/A FAMILIAR
--	---

Por ilo **DECLARO:**

- Que reúno os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.
- Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).
- Que posúo a titulación requirida nas bases de selección
- Que posúo coñecemento do galego: CELGA 4 ou equivalente
- Que posúo o carné de conducir da clase B
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento identificador
- Fotocopia cotexada da titulación requirida
- Fotocopia cotexada do título do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado
- Fotocopia cotexada do carné de conducir da clase B

Outros documentos (deberá incluír aquí os xustificantes dos méritos alegados que desexa que se lle valoren segundo a base 5.2):

Polo exposto, **SOLICITO**, previos os trámites oportunos, se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, _____ de maio de 2015

Sinatura do solicitante ou representante
(achégase autorización asinada ou poder notarial)



Regulación a ter en conta do proceso selectivo

Sistema de selección (segundo o punto 5 das bases):

5.1 Oposición (Puntuación máxima: 10 puntos)

O apartado de oposición constará de dunha proba escrita que terá carácter eliminatorio, e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela. A proba consistirá na realización dun exame de 10 preguntas a realizar nun tempo máximo dunha hora, de coñecementos sobre o posto de traballo a cubrir e sobre as accións, actuacións e actividades deste, segundo o temario que se indica:

1. Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia: Definición e obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais.
2. Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia: Catalogo de Servizos Sociais
3. Técnicas de traballo social
4. Regulamento dos Servizos Sociais Comunitarios: obxecto, natureza e formas de prestación dos Servizos Sociais comunitarios.
5. Programa e servizos sociais comunitarios
6. Servizo de educación e apoio familiar: Natureza e obxectivos, persoas destinatarias e forma de prestación do servizo.
7. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Familias de especial consideración e acción protectora.
8. Título de familia numerosa: concepto, categorías e requisitos
9. Apoio familiar e mediación: concepto e finalidade
10. O maltrato infantil: Definición e tipoloxías, indicadores, detección e notificación
11. O proceso de intervención ante o maltrato infantil
12. Actuación perante situacións de desprotección: risco e desamparo
13. As medidas de protección ante a situación de desamparo
14. O acollemento: concepto, contido e criterios de aplicación
15. A violencia escolar: prevención desde a educación familiar
16. A violencia de xénero: definición, características, tipos e consecuencias
17. Normativa e recursos para vítimas de violencia doméstica.
18. O servizo de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero
19. Coñecemento do término municipal
20. Prevención de riscos laborais

5.2 Concurso (Puntuación máxima: 4,50 puntos):

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total.

Toda a documentación que a persoa candidata pretenda que se lle tome en conta para o baremo de méritos terá que achegarse durante o prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración a aportada con posterioridade ó remate do dito prazo, que será considerada como achega de nova documentación fóra de prazo.

5.2.1.- Experiencia: (puntuación máxima 2 puntos)

A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade social e ca fotocopia cotexada dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

A experiencia profesional valorarase segundo o seguinte baremo:

1. Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo relacionados coas funcións a desenvolver na administración pública: 0,25 puntos
2. Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo relacionados coas funcións a desenvolver noutras empresas ou entidades: 0,10 puntos

5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver (puntuación máxima 2 puntos)

Este apartado acreditarase mediante fotocopia compulsada dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo Organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas (no caso de equivalencias farase constar esta ou a fonte para a súa comprobación):

A) **Formación universitaria:** estar en posesión de titulación universitaria de grao Educación social ou Traballo Social (distinta da presentada como requisito): 1 punto.

B) **Formación complementaria** (puntuación máxima 1 punto):

Cursos (non xornadas) relacionados coas funcións a desenvolver:

- De 20 a 59 horas: 0,25 puntos
- De 60 a 149 horas: 0,50 puntos
- De 150 ou mais horas: 1 punto

5.2.3.- Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

- curso de linguaxe administrativa medio: 0,25 puntos
- curso de linguaxe administrativa superior: 0,50 puntos

5.3 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

Este exercicio o realizarán aqueles aspirantes que resulten seleccionados e os suplentes que non estean exentos da realización deste. Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro do galego ao castelán, extraídos ambos dalgúns dos xornais do día da proba (tempo máximo: 1 hora).

Realización do proceso:

1) Publicación do anuncio (13/05/2015)

2) Presentación das instancias no Rexistro xeral do Concello (ata as 14:00h do día 19/05/2015). No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, sexa nalgún rexistro autorizado da Xunta de Galicia ou nalgunha oficina de correos, será necesario adiantala por fax ao núm. 981.866.628 ou 981.843.629, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta. De recibirse ditos avisos esperarase un máximo de cinco días hábiles para a recepción efectiva da documentación; pasado este prazo elaborárase a lista de persoas admitidas e excluídas.

3) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas nos vinte días seguintes ao remate do prazo de presentación de instancias.

4) Prazo de reclamacións: 3 días hábiles

5) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica da resolución das reclamacións, das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, composición do tribunal, lugar, data e hora de realización das probas.

Información completa: pode obter a información completa do proceso no sitio web municipal concelloderianxo.es e na Sede electrónica sede.concelloderianxo.es.